

6.—As variacións derivadas de cambio de titularidade ou constitución ou transmisión do dereito de usufruto, surtirán efectos para o exercicio seguinte a aquel no que se comunica ao Concello a transmisión ou constitución.

#### *Artigo 9.—Ingreso*

1.—As cotas desta taxa, liquidaranse e esixiranse, unha vez presentada a correspondente solicitude ou declaración de alta, nos termos descritos no artigo 8.1 desta Ordenanza.

Unha vez producida a alta, a taxa exaccionarase por padrón, esixíndose o importe da mesma no prazo sinalado mediante Decreto de Alcaldía, ou ben no prazo establecido no artigo 62.3 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, xeral tributaria.

2.—O ingreso efectuarase nas contas restrinxidas de recadación do Concello de Nigrán, abertas nas distintas entidades bancarias.

#### *Artigo 10.—Infraccións e sancións*

En todo o relativo a infraccións tributarias e as súas cualificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ao establecido no Título IV da Lei 58/2003 do 17 de decembro, xeral tributaria, así como no Real Decreto 2063/2004, de 15 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral do réxime sancionador tributario.

#### *Disposicións finais*

1ª.—Para todo o non previsto nesta ordenanza será de aplicación o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo; a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria; o Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, así como a restante normativa aplicable segundo a materia.

2ª.—Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano seguinte ao da súa publicación, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.



*Artigo 1.—Fundamento e natureza*

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, TRLFL), o Concello de Nigrán establece as taxas por subministración de auga potable e servizos de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, ás que se refiren os apartados r) e t) do artigo 20.4 do citado TRLFL, que se rexerán pola presente ordenanza fiscal.

*Artigo 2.—Feito impoñible*

Constitúe o feito impoñible desta taxa, a recepción dos servizos que a continuación se detallan, prestados polo Concello de Nigrán, en réxime de xestión indirecta, baixo a modalidade de concesión administrativa de servizo público:

- a) Subministración ou abastecemento de auga potable.
- b) Utilización das redes de sumidoiros e os servizos de saneamento e depuración de augas residuais.
- c) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar si se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida ás respectivas redes de distribución e saneamento.

*Artigo 3.—Suxeitos pasivos*

1.—É suxeito pasivo, en concepto de contribuínte, a persoa física ou xurídica e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, xeral tributaria, que utilicen ou se beneficien dos servizos prestados, que forman parte do feito impoñible deste tributo. En particular:

- a) Cando se trate da concesión de licenza de acometida á correspondente rede, será suxeito pasivo o dono, usufrutuario ou titular do dominio útil da finca.
- b) No caso da prestación dos servizos a que se refiren os apartados a) e b) do artigo anterior, serán suxeitos pasivos os ocupantes das vivendas ou locais, ou usuarios de devanditos servizos, calquera que sexa o seu título: donos, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso ocupantes en precario.

2.—En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario, o propietario do correspondente inmovible, o cal poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas, sobre o beneficiario do servizo.



**Artigo 4.—Responsables**

Serán responsables solidarios ou subsidiarios das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas consideradas para estes efectos segundo o disposto nos artigos 41 a 43 da Lei xeral tributaria.

**Artigo 5.—Cota tributaria**

Será o resultado da aplicación do seguinte cadro de tarifas:

Tarifa I.—Servizo de subministración de auga potable		
Código	Concepto	Cota
1	Tarifas por dereitos de conexión á rede xeral : (en función da superficie construída en cada inmoble)	
1.1	Por cada metro cadrado de vivanda	1,00 €
1.2	Por cada metro cadrado distinto de vivanda	3,00 €
2	Tarifa trimestral por consumo de auga:	
2.1	Por cada m3 facturado até 60 m3, como mínimo por abonado	0.49 €
2.2	Por cada m3 facturado que exceda de 60 m3 e até 105 m3	0.77 €
2.3	Por cada m3 facturado que exceda de 105 m3	1.18 €

Nos supostos de edificacións que contén con varias vivendas ou locais destinados a usos comerciais, hostaleiros, industriais ou a outros usos sen especificar, o importe da tarifa por dereitos de conexión establecida nos códigos 1.1 e 1.2 será o resultado de sumar as cotas correspondentes polo número de vivendas e locais, debendo contar cada vivanda ou local cun contador independente. O importe máximo a pagar por dereitos de conexión por cada vivanda, local comercial, industrial ou similar será de 1.000,00 €.

Se a rede da que se toma a auga fora financiada en parte con contribucións especiais ou achegas veciñais, a cota por dereitos de conexión reduciríase nunha cantidade igual á das contribucións especiais ou achegas satisfeitas sempre que non transcorreran catro anos desde a recepción das obras.

Tarifa II.—Servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais		
Código	Concepto	Cota
1	Tarifas por dereitos de conexión á rede xeral: (en función da superficie construída en cada inmoble)	
1.1	Por cada metro cadrado de vivanda	1,00 €
1.2	Por cada metro cadrado distinto de vivanda	3,00 €
2	Tarifa trimestral por prestación do servizo:	
2.1	A cota tributaria trimestral será do 27% da facturación municipal de cada trimestre pola prestación do servizo de abastecemento de auga (excluídos IVE e o Canon da Auga e Coeficiente de Vertedura da Xunta de Galicia).	
2.2	Os suxeitos pasivos que carezan do servizo municipal de abastecemento de auga, tributarán pola prestación do servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, cunha taxa equivalente ao 27 % da cota mínima por consumo da taxa polo servizo de abastecemento de auga.	



Nos supostos de edificacións que contén con varias vivendas ou locais destinados a usos comerciais, hostaleiros, industriais ou a outros usos, o importe da tarifa establecida nos códigos 1.1 e 1.2, será o resultado de sumar as cotas correspondentes polo número de vivendas e locais. O importe máximo a pagar por dereitos de conexión por cada vivenda, local comercial, industrial ou similar será de 1.000,00 €.

Se a rede de sumidoiros de saneamento fora financiada en parte con contribucións especiais, ou achegas veciñais, a cota por dereitos de conexión reduciríase nunha cantidade igual á das contribucións especiais ou achegas satisfeitas sempre que non transcorreran catro anos desde a recepción das obras.

Aquelas autorizacións de conexións de saneamento que precisen de bombeo por estar situados os inmobles nunha cota inferior a rede municipal de sumidoiros terán unha redución do 80 % na cota de conexión.

#### *Artigo 6.—Beneficios fiscais*

Só se admitirán os beneficios fiscais que veñan establecidos en norma con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

#### *Artigo 7.—Devengo*

Devéngase a taxa e, xa que logo, nace a obriga de contribuír:

a) Cando se trate da taxa de conexión ás respectivas redes, o devengo prodúcese cando se presente ante o Concello a solicitude de conexión e prestación do servizo.

O servizo de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais, teñen carácter obrigatorio para tódalas vivendas e locais do municipio que teñan fachadas a rúas, prazas ou vías públicas nas que exista a correspondente rede, sempre que a distancia entre a mesma e a vivenda ou local non exceda de cen metros. Devengarase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectua-la acometida á rede.

b) Cando se trate de consumo ou utilización periódica do servizo, devéngase a taxa o primeiro día de cada ano natural, agás os supostos de alta nova no padrón nos que se devengará na data en que se inicie a prestación de cada un dos servizos.

#### *Artigo 8.—Normas de xestión*

1.—As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servizos gravados con esta taxa, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o lugar para o que se solicita e demais requisitos esixibles polo Concello.



2.—Unha vez autorizada a prestación do servizo, esta terá continuidade mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado. Unha vez declarada a baixa, esta producirá efectos no período impositivo seguinte, podendo, no seu caso, prorratearse a cota polo período trimestral de liquidación da taxa. A non declaración expresa de baixa determinará a obriga de continuar abonando a taxa.

#### *Artigo 9.—Liquidación e cobro*

1.—A taxa polos dereitos de conexión á rede de subministro de auga, xestionarase por autoliquidación, debendo o interesado ingresar a correspondente cota nas contas restrinxidas de recadación que o Concello ten abertas nas distintas entidades bancarias, antes da prestación do servizo.

2.—A taxa polos dereitos de conexión á rede de sumidoiros, será liquidada polo Concello e notificada ó suxeito pasivo concedéndolle, para o seu ingreso, o prazo estipulado na normativa tributaria de carácter xeral.

3.—As taxas por consumo periódico, tanto do servizo de abastecemento como de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de auga, serán xestionadas, liquidadas con periodicidade trimestral, e recadadas pola empresa concesionaria dos devanditos servizos, polo sistema de padrón (tributos de cobro periódico por recibo), conforme á Lei xeral tributaria, e as disposicións que a desenvolven.

A empresa concesionaria do servizo procederá a efectuar a lectura de tódolos contadores de medida dos usuarios, no transcurso do período impositivo. A tal efecto, e agás circunstancias excepcionais, a medición dos consumos realizarase de tal forma que permita a comparación entre a lectura inicial e final dun período de 90 días.

#### *Artigo 10.—Infraccións e sancións*

En todo o relativo a infraccións tributarias e as súas cualificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ó establecido no título IV da Lei 58/2003 do 17 de decembro, xeral tributaria, así como no RD 2063/2004, de 15 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral do réxime sancionador tributario.

#### *Disposicións finais*

1ª.—No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, a Lei 58/2003, xeral tributaria e disposicións que a desenvolvan, e restante normativa de aplicación segundo a materia.



2ª.—A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

### **Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos**

#### *Artigo 1.—Fundamento e Natureza*

De conformidade co previsto no artigo 20 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa pola expedición ou tramitación de documentos municipais a instancia de parte.

#### *Artigo 2.—Feito imponible*

1.—Constitúe o feito imponible desta taxa, a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, dos documentos que expida e dos expedientes que entenda a Administración ou as autoridades municipais a que se refire o artigo 4º desta ordenanza.

2.—A estes efectos, entenderáse tramitada a instancia de parte, a documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio, aínda que non mediara solicitude expresa do interesado.

3.—Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais, así como as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos ou de aprazamento / fraccionamento de pago, os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole e os relativos á prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia municipal e a utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens de dominio público municipal, que estén gravados por outra taxa municipal ou polos que se esixa un prezo público por este Concello.

#### *Artigo 3º.—Suxeito pasivo e responsables*

1.—Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas, nacionais ou extranxeiras, e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que soliciten, provoquen, ou en cuxo interés redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

2.—O presentador ou receptor de documentos gravados, terá, polo só feito desta actuación, o carácter de mandatario do suxeito pasivo aos efectos do cumprimento das obrigas fiscais que se deriven desta ordenanza.

